

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Seres míticos

Muller fiando

»Era a costureira de aquí da casa e tivo cosendo á tarde aquí. E á noite había que ir levala que era da Xesta, [en Galgao, Abadín (Lugo)], a costureira era da Xesta. E conque había aí un que lle chamaban o Celso, que era moi amigo de aquí, da casa, e taba aquí. E a costureira, claro, baixou e comeu algo, e dixo:

E agora hai que me ir levar.

E dixo o [Celso]:

Pois voute levar eu. De camiño que vou arriba, achégote eu alí á carretera.

E efectivamente. Eu dixeron:

Pois xa que me vas tu levala, entonces afórrasme a min o viaxe.

E foina levar el. E levouna hasta diante a porta de Xan Neto, que despois ta a casa dela, a continuación, e alí ben ousa.

El el cando deu volta, na mesma partida do camiño que viña da carretera de acó, taba unha muller fiando nunha roca, fiando la nunha roca. Conque:

Ai, muller O Celso, claro, veu aquela muller fiando e dixo . Ai, muller, ¿e tu que fas aquí, fiando destas horas?

Dixo:

Vaite caladiño, vaite caladiño, vaite caladiño e vaite caladiño.

O outro non falou máis nada. ¿Quen era? Unha muller da Xesta, que lle chaman a Milia de Amorós, e estaba

fiando no camiño, na beira do camiño, fiando nunha roca».

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

ARQUIVO CHAIRA: Transcrición da versión oral de ATILANO RIVAS (96 anos), Rego da Cal, Galgao. Marzo de 1993.

Bibliografía:

CARNERO, O., CUBA, X. R., REIGOSA, A., SALVADOR, M., Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín, Excma. Deputación Provincial de Lugo, 2004